

Xoves, 15 de marzo de 2018

Núm. 53

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Contratos administrativos

MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A PARA O DEPARTAMENTO DE CULTURA DO CONCELLO DA ESTRADA

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DA CLAÚSULA SEGUNDA DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A PARA O DEPARTAMENTO DE CULTURA DO CONCELLO DA ESTRADA.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 2018- 0270, do 8 de marzo de 2018, que se transcribe a continuación, modificáronse as bases para a contratación dun/ha Normalizador/a Lingüístico/a polo sistema de oposición libre, para o Departamento de Cultura en réxime laboral temporal, do seguinte xeito:

“— Vistas as bases para a contratación de 1 Normalizador/a Lingüístico/a aprobadas por Resolución de Alcaldía 2018-0151 de 9 de febreiro de 2018 publicadas no BOP nº 40 de 26 de febreiro de 2018.

— Advertido erro material na cláusula segunda “Modalidade do contrato” de ditas Bases.

— Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/1197, artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 e Decreto Nº 682/2015 de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015.

— Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias.

RESOLVO

Primeiro.—Avocar a competencia previamente delegada na XGL.

Segundo.—Modificar a cláusula segunda das Bases para a contratación de 1 Normalizador/a Lingüístico/a aprobadas por Resolución de Alcaldía 2018-0151 de 9 de febreiro de 2018, publicadas no BOP nº 40 de 26 de febrero de 2018 nos seguintes termos:

“Onde di:

Segundo. Modalidade do contrato:

A modalidade do contrato é por obra ou servizo, regulada no artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.



Xoves, 15 de marzo de 2018

Núm. 53

O carácter do contrato é temporal, ata a reincorporación do titular de praza , e non pode superar en ningún caso os 3 anos de duración desde o seu inicio, ao abeiro da lexislación vixente.

As condicións serán as establecidas no convenio aplicable, o Convenio colectivo do Concello da Estrada. Fíxase unha retribución bruta de 29.980,48 € (inclúe as pagas extraordinarias).”

“Debe dicir:

Segundo. Modalidade do contrato:

A modalidade do contrato é por interinidade, regulada no artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

O carácter do contrato é temporal, ata a reincorporación do titular de praza.

As condicións serán as establecidas no convenio aplicable, o Convenio colectivo do Concello da Estrada. Fíxase unha retribución bruta de 29.980,48 € (inclúe as pagas extraordinarias)”.

Terceiro.—Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia, e proceder á nova apertura de presentación de instancias, 10 días naturais dende á publicación do anuncio no BOP. (As persoas que xa presentaran instancias, deberán ratificar a súa participación no citado proceso selectivo.

A Estrada, 9 de marzo de 2018.

O ALCALDE

José C. López Campos

ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

